

PLENO ORDINARIO DE 6-11-2015

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE APOIO AO PAGAMENTO DAS PENSÍONS DOS MARIÑEIROS GALEGOS EMBARCADOS NA FROTA DE NORUEGA

Noruega non lles recoñece pensións de xubilación aos nosos traballadores do mar embarcados nos seus buques ata o ano 1994 -máis de 12 000, segundo a asociación galega LONG HOPE- por careceren de condición de residentes mentres traballaban e pagaban alí os seus impostos. A súa actual desprotección agrávase polo feito de que España non lles computou o tempo de embarque nos devanditos buques para o cálculo, aquí, de prestacións da Seguridade Social. Un grave problema de desamparo legal recoñecido pola Comisión Europea, que se desentendeu do asunto propoñendo un convenio bilateral de seguridade social entre España e Noruega, mais considerando sempre que esta desprotección por falta de residencia era legal antes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo. Dende logo, a resposta sería distinta de analizarse a residencia como requisito de afiliación ao sistema noruegués de seguridade social dende o Convenio Europeo de Dereitos Humanos, que permite cualificar como condición excluínente e discriminatoria esixir a residencia para tal inclusión, tamén antes de 1994, ao vulnear dereitos fundamentais universalmente recoñecidos xa que no tocante á xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, hai diferenza de trato discriminatorio por razón de nacionalidade, ao non esixírselle a residencia, pola contra, aos nacionais noruegueses empregados nos mesmos barcos, sen que exista xustificación obxectiva e razoable para iso.

Os mariñeiros galegos que traballaron na mariña mercante norueguesa pídenlle o pagamento das súas pensións de xubilación ao país nórdico. A defensa e reclamación de dereitos que expuxo publicamente a asociación Long Hope acaba xa un extenso percorrido institucional. O seu presidente, Juan Lores Názara, e o seu portavoz, Alberto Paz Viñas, conduciron esa loita ata as altas institucións de Noruega, ata o embaixador da UE en Noruega e ata as cabeceiras dos sindicatos máis representativos do país, como a L.O. Estiveron tamén coas altas institucións españolas dos Ministerios de Exteriores e de Traballo en Madrid e mais coa embaixada de Noruega no Estado español, onde mantiveron unha reunión co embaixador. Mantiveron encontros no Parlamento de Galicia con BNG, AGE e PSOE e tamén foron convidados por Paloma Rodríguez, deputada do PSOE, ao Congreso dos Deputados para estableceren as liñas de actuación pertinentes.

A representación de Long Hope acaba de chegar de Luxemburgo dunha vista oral no Tribunal de Xustiza do caso Wiueland C/465/14, caso similar, entre mariñeiros austríacos contra armadores holandeses.

Por todo isto, a Deputación da Coruña insta o Goberno galego a colaborar co colectivo social Long Hope na demanda impulsada contra o Estado noruegués para reclamaren o recoñecemento do dereito a percibiren as súas pensións de xubilación ou a que se lles devolvan os impostos recadados; así como esixirlle ao Estado español que presente unha demanda interestatal contra Noruega diante do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos pola vulneración da prohibición de discriminación por nacionalidade en materia de seguridade social ao esixirlles a residencia aos nosos traballadores do mar emigrantes embarcados nos seus buques.

